

ORDENANZA DE PREZO PUBLICO Nº 4

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Aprobación: 25/06/09 - B.O.P.: 15/10/09

Modificación: 07/05/12 - B.O.P.: 17/08/12

Modificación: 27/02/14 - B.O.P.: 24/06/14

ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE O PORRIÑO

Artigo 1º.-CONCEPTO.

De conformidade do previsto no art. 41 do Real Decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das facendas locais, e de conformidade co art. 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento; establécese o prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de O Porriño.

O prezo público regulado na presente ordenanza constitúe unha prestación pecuniaria de dereito público, que se satisfará polos usuarios/as da prestación do servizo municipal de axuda no fogar, conforme ao Regulamento Municipal do Servizo de Axuda no Fogar vixente no Concello de O Porriño.

Artigo 2º.- OBRIGADOS AO PAGO.

Estarán obrigados/as ao pago do prezo público regulado na presente ordenanza os/as que se beneficien da prestación do servizo de axuda no fogar. Para ser beneficiario/a do mesmo, estarase ao establecido no regulamento do servizo.

Artigo 3º.- CONTÍA.

A contía do prezo regulado na presente ordenanza, fixarase de conformidade coas porcentaxes contidas no subapartado seguinte. A súa determinación ou liquidación realizarase no momento do inicio da prestación do servizo polo órgano competente, previo informe da traballadora social.

3.1. Cofinanciamento do servizo das persoas dependentes valoradas, con dereito de atención recoñecido.

3.1.1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido, sexa igual ou inferior ao indicador público de rendas a efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

3.1.2.- Nos demais supostos, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa o copagamento en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade do servizo asignado:

Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I	Grao II	Grao III
	<=20 h	<=45 h	<=70 h
100,00 %	0,00 %	0,00 %	0,00 %
115,00 %	4,52 %	9,61 %	14,70 %
125,00 %	5,41 %	11,50 %	17,58 %
150,00 %	5,55 %	11,79 %	18,03 %
175,00 %	5,65 %	12,00 %	18,35 %
200,00 %	5,72 %	12,16 %	18,60 %
215,00 %	5,81 %	12,34 %	18,87 %
250,00 %	6,03 %	12,82 %	19,61 %
300,00 %	6,24 %	13,26 %	20,29 %
350,00 %	6,42 %	13,63 %	20,85 %
400,00 %	6,54 %	13,90 %	21,25 %
450,00 %	6,63 %	14,09 %	21,55 %
500,00 %	6,70 %	14,25 %	21,79 %
>500 %	6,76 %	14,36 %	21,97 %

3.1.3.- Os efectos de cálculo da capacidade económica das persoas dependentes terase en conta o disposto nos artigos 20, 21 e 22 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello do Porriño.

3.1.4.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo, as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao correspondente, a cantidade a pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas de servizo.

3.1.5.- En ningún caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder o 90% do custo do servizo, determinado en termos de prezo/hora.

3.1.6.- No caso das atencións e servizos complementarios do nivel básico do servizo de axuda no fogar, prestados ás persoas dependentes valoradas con

dereito de atención recoñecido, para os efectos de facer efectiva a obriga de participar no custo do servizo por parte das persoas usuarias, aplicarase a seguinte táboa, na cal se expresa a súa participación en termos de porcentaxe sobre a capacidade económica da persoa usuaria e en función da intensidade e do tipo de atención ou servizo asignado:

% Capacidade económica (referenciada ao IPREM) Ata	Grao I			Grao II			Grao III		
	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas	Adaptacións funcionais do fogar, podoloxía, fisioterapia	Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables	Servizo de préstamo de axudas técnicas
	<=15			<=28			<=45		
100,00 %	0,00 %	12,87 %	13,76 %	0,00 %	22,73 %	24,29 %	0,00 %	35,51 %	37,95 %
115,00 %	5,98 %	13,10 %	14,00 %	10,56 %	23,12 %	24,71 %	16,50 %	36,13 %	38,61 %
125,00 %	7,15 %	13,39 %	14,31 %	12,63 %	23,64 %	25,26 %	19,73 %	36,94 %	39,47 %
150,00 %	7,34 %	13,52 %	14,44 %	12,95 %	23,87 %	25,50 %	20,24 %	37,29 %	39,85 %
175,00 %	7,47 %	13,61 %	14,54 %	13,18 %	24,03 %	25,67 %	20,60 %	37,54 %	40,12 %
200,00 %	7,57 %	13,76 %	14,70 %	13,36 %	24,29 %	25,96 %	20,87 %	37,96 %	40,56 %
215,00 %	7,68 %	13,83 %	14,78 %	13,56 %	24,42 %	26,09 %	21,18 %	38,16 %	40,77 %
250,00 %	7,98 %	13,96 %	14,91 %	14,09 %	24,64 %	26,33 %	22,01 %	38,50 %	41,14 %
300,00 %	8,25 %	14,06 %	15,02 %	14,57 %	24,82 %	26,52 %	22,77 %	38,78 %	41,44 %
350,00 %	8,48 %	14,16 %	15,13 %	14,98 %	25,00 %	26,72 %	23,40 %	39,07 %	41,74 %
400,00 %	8,65 %	14,35 %	15,33 %	15,27 %	25,33 %	27,06 %	23,85 %	39,57 %	42,29 %
>400,00 %	8,77 %	14,48 %	15,48 %	15,48 %	25,57 %	27,32 %	24,19 %	39,95 %	42,69 %

3.2 Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.

3.2.1. Para o servizo de axuda no fogar, en réxime de libre concorrência, para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base ó cálculo da capacidade económica per cápita, de acordo co establecido no

artigo 23 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello do Porriño.

CAPACIDADE ECONÓMICA	Participación no custe do servizo de SAF básico
Menor de 0.80 IPREM	0%
Maior de 0.80 e ata 1 veces o IPREM	10%
Maior de 1 e ata o 1.50 do IPREM	15%
Maior de 1.50 ata 2 do IPREM	40%
Maior de 2 ata 2.50 do IPREM	70%
Maior de 2.5 do IPREM	90%

Sen prexuízo do anterior, poderán establecerse excepcións aos criterios xerais do referido copagamento nos casos en que a situación causante da aplicación do servizo de axuda no fogar sexa unha problemática de desestructuración familiar, exclusión social ou pobreza infantil, circunstancia que deberá estar debidamente xustificada no correspondente informe social.

3.2.2. En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

3.2.3. Pola prestación deste servizo establécese un custo de 14,50 euros/hora (máis I.V.E) para as horas realizadas de luns a venres de 07:00 horas ata as 22:00 horas, e os sábados de 07:00 horas a 15:00 horas. Por cada hora a máis fora do horario sinalado establécese un custo de 13,49 euros/hora (máis I.V.E).

Artigo 4ª.- OBRIGA DE PAGO.

4.1 A obriga de pagar o prezo público nace dende que se inicie a prestación do servizo correspondente.

4.2 Cando por causas non imputables ao obrigado ao pagamento do prezo, o servizo non se preste ou desenvolve, procederá a devolución do importe correspondente.

Artigo 5º.- NORMAS DE XESTIÓN.

5.1 O pagamento do prezo público realizarase, a mes vencido, preferentemente por domiciliación bancaria que autorizará o solicitante do mesmo, por escrito, no momento da concesión e unha vez prestado o servizo e dentro dos 20 primeiros días do mes seguinte. Por causas xustificadas e, previa solicitude, poderá autorizarse que o pagamento do prezo público sexa mediante ingreso directo na conta bancaria do concello indicada ao efecto. Non se esixirá o depósito previo do seu importe parcial ou total.

5.2 Procederá o rateo da cota correspondente ao mes de inicio en función dos días que resten ata o último do mes, pasándose ao cobro xunto coa

liquidación da primeira mensuralidade seguinte. Tamén se rateará a cota mensual nos supostos de baixa no servizo, que será efectiva dende o mesmo día en que se presente a solicitude de baixa ou no que esta sexa declarada de oficio.

5.3 No suposto de suspensión temporal do servizo cobraranse as horas efectivamente prestadas. A comunicación desta suspensión debera facerse con dez días naturais anteriores ao día da suspensión. En calquera caso será imprescindible o informe social do/a traballador/a social, que incorporarse ao expediente individual/familiar.

5.4 A falta de pago reiterada, entendéndose por reiterada a falta de pago durante tres meses consecutivos ou non, por causa imputable ao obrigados ao pagamento, determinará a súa interrupción da prestación do servizo e declaración de baixa.

Artigo 6º. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

As infraccións e sancións rexeranse, no relativo ós pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo [Real Decreto 939/2005](#), do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Esta ordenanza deroga expresamente a ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar aprobada por acordo plenario de data 25/06/2009 (BOP de 15/10/2009) e modificada por acordo plenario de data 07/05/2012 (BOP de 17/08/2012) e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que sexa contraria á mesma.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

A presente ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo a que se refire o art. 65 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, mantendo a súa vixencia ata a súa modificación ou derogación expresas.